

MÍRAME EN GALEGO

Somos unha empresa especializada nos servizos de marketing e audiovisuais en galego. Contamos con 20 traballadores que traballan día a día en diferentes funcións, poden ser especializados en accións de campaña ou en anuncios de publicidade variada, pero sempre en galego. Grazas a este equipo de empresarios, fixéronse posibles moitos e diferentes logros ao longo da historia da empresa, como por exemplo: gañamos os 'Premios Nacionais de Creatividade' tres veces, os 'Premios Nacionais de Marketing' en catro ocasións, e finalmente no último ano quedamos a piques de adquirir o premio 'Clio Awards', un galardón de publicidade Internacional moi recoñecido, o cal será un dos nosos seguintes propósitos, a maiores dos obxectivos que xa temos como empresa. Dende os comezos ata agora, experimentamos unha gran decaída do uso do galego, o que nos leva a convencer a outras empresas de que utilicen esta lingua, xa que hai estudos que indican que os consumidores senten maior impresión pola publicidade nun idioma diferente ao castelán (por exemplo).

Somos EGMA (Empresa Galega de Marketing Audiovisual), unha empresa contratada no ano 2000 pola Xunta de Galicia, temos como obxectivo promover o uso do galego entre empresas publicitarias, as cales sería conveniente que reaccionaran empregando o galego na súa publicidade. Isto sería un servizo que permanecería no tempo, creando campañas audiovisuais en galego. A nosa contribución cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) é a 'produción e consumo responsable', posto que a nosa publicidade axuda no desenvolvemento dos comercios locais, e tamén as 'alianzas para lograr os obxectivos', pois traballamos con outras empresas. O valor engadido consta da defensa do galego, unha lingua minorizada, e pola mesma razón pode contribuír a un mundo máis xusto, porque se acostuma falar e comunicar en certos idiomas, mentres que as linguas menos faladas utilízanse menos, coma a nosa. Polo que ao intentar que as empresas empreguen o galego na publicidade, tamén pretendemos difundilo entre os consumidores, procurando darlle máis uso ao noso idioma entre as persoas, é dicir, pola rúa.



Este é o **logotipo** de EGMA, o cal conta cunha breve historia detrás, onde teñen que ver os comezos da empresa. A base deste símbolo é representada pola figura dunha cámara de fotos, coa que os traballadores da compañía puideron filmar un dos primeiros anuncios da publicidade en galego. Así que os empresarios acordaron engadir ao deseño principal esta silueta, cos que todos recordan ese mesmo día.

O GALEGO É APRENDIZAXE, GÓZAO E VERÁS QUE VANTAXE!

O **slogan** de EGMA, quere impulsar o emprego do galego na empresa, é dicir, que o uso deste sexa maior ou retome o emprego que tiña antigamente. Intentamos que as empresas nos escoiten e que tamén acostumen a practicalo nas súas publicidade para que así os consumidores o vexan e se dean conta do bonito e fácil que é o manexo deste idioma.

STORYTELLING:

A historia ca que queremos anunciar e difundir isto remóntase ao 2004, cando dúas irmás, Uxía e Europa duns vinte e poucos anos deciden levar a cabo unha idea. Estas comezaron a promocionar a nivel nacional unhas sementes cas que nacían diferentes plantas, as cales son autóctonas de Galicia. Dende comezos deste proxecto, empregaron o castelán para darse a coñecer e expandirse polo mundo, mais non conseguiron chegar moi lonxe. Así que un día chegaron a desenvolver unha idea, a cal consistía en seguir facendo a mesma publicidade dos seus cultivos, pero a maiores, anunciarlos tamén na súa lingua materna, é dicir, a lingua galega. Dende aí conseguiron máis consumidores que mercaran estas sementes, polo que comprenderon que seguir usando a lingua ca que medraron era unha moi boa idea, e ademais non perdían o uso desta.

CAMPAÑA:

Mírame en galego é o nome da nosa campaña, a cal está patrocinada pola Xunta de Galicia. Baséase no fomentoo uso do galego no comercio local, e contamos coas seguintes accións de campaña:

- O día 24 de Setembro de 2023 levarase acabo o primeiro evento da campaña que consistirá nunha pequena reunión onde se presentará o noso anuncio que contará con diferentes ideas para mellorar o comercio local e así a incrementación das súas vendas
- Outra acción da campaña que se realizará será a visita de integrantes da nosa empresa a diferentes centros educativos e auditorios públicos para levar acabo unhas charlas sobre as empresas e como fomentar a súa venta co uso do galego na súa publicidade, para a anunciación das charlas nos auditorios realizaranse unhas pequenas pancartas cos datos destas e será pública a entrada para todo os públicos sen ningún tipo de custe.

- Visitaremos os centros educativos por parroquias, e as charlas soamente serán impartidas a partir da ESO, algunhas parroquias as cales iremos serán Leiro, Rianxo, Taragoña, Asados...

Esta é unha das moitas campañas que imos realizar na tempada, porque o noso obxectivo é fomentar o uso da nosa lingua, o galego, a cal estivo presente dende que se formou a empresa, xa que foi a lingua nativa das dúas fundadoras da empresa EGA.